

Beatriz Maceda, escritora: "As dúas novelas de Begoña Caamaño son das mellores da literatura galega do século XXI"

Beatriz Maceda (A Coruña, 1963) reúne a catro voces mitolóxicas para reconstruír a vida de Begoña Caamaño en *Begoña ou o pracer da amizade* (Xerais). Esta biografía novelada celebra a amizade o feminismo e a coherencia vital da autora recoñecida no Día das Letras Galegas 2026.

Sergio Casal 21 xaneiro de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/beatriz-maceda-escritora-duas-novelas-begona-caamano-son-das-mellores-da-literatura-galega-do-seculo-xxi/20260121220607244967.html>

—Por que decide reunir a Circe, Penélope, Morgana e Xenebra para narrar a vida de Begoña Caamaño?

Begoña deulles voz ás mulleres na mitoloxía, xa que sempre eramos retratadas como perversas. Deulles voz para expresar sentimentos e emocións. Despois de reler as súas dúas novelas foi cando pensei: "Agora que Begoña non ten a súa voz propia, que sexan elas as que contan a súa historia". Era devolverlle a Begoña esa voz.

—A amizade é o fío condutor do libro. Que di iso da maneira de estar no mundo de Begoña?

Díó todo. Eu fixen unha chiscadela co título. De *Circe ou o pracer do azul*, pois escollín Begoña ou o pracer da amizade. Porque para Begoña as súas amizades eran moi importantes e queríana moito. Iso comprobeino cando escribín o libro. É unha biografía que nace da sororidade de todas elas. Non falei con todas as súas amigas, pero súa irmá, por exemplo, compartiu comigo partes da súa infancia moi importantes. Todas as persoas coas que falei foron moi xenerosas. Nunca saberei se este libro lle gustaría a Begoña Caamaño, pero o que si sei é que lle gustaría como foi escrito, e foi escrito desde a sororidade e o afecto das súas amizades. Sen a información que me deron, sería imposible escribir este libro.

—Como conviven na obra a Begoña escritora, a xornalista e a activista?

Desde a coherencia. Se tivese que definir cunha soa palabra a Begoña Caamaño, sería coherencia. Por iso creo que todo convive perfectamente, porque hai coherencia en todo o que fai. No feminismo, na xustiza e na igualdade.

—Que parte da súa traxectoria cre que segue a interpelarnos hoxe?

Pois probablemente as entrevistas que lle fixeron. Son moi interesantes as súas respostas. Aí ves de novo a coherencia dela. Tamén as súas novelas. Desde o meu punto de vista, as dúas novelas de Begoña son das mellores da literatura galega do século XXI.

—Que lle gustaría que os lectores e as lectoras descubrisen de Begoña Caamaño máis aló da homenaxe do Día das Letras Galegas?

Con respecto á súa literatura, un modo de escribir coidando a lingua, que cada vez se descoida máis. Tamén ese traballo de estudo que hai detrás de cada novela. Hai moitísima lectura e coñecemento, que tamén é algo que se está a perder. Ela de nova lía moito e, como non tiña libros de literatura infantil e xuvenil en lingua galega, foise achegando á mitoloxía e preguntouse por que as mulleres non tiñan voz. Tamén por que sempre aparecían como seres perversos. Ela dálle esa volta e está claro que só lla pode dar con moita análise, lecturas e coñecemento.

—Que pode achegar a figura de Begoña Caamaño neste ano da súa homenaxe?

Esa loita polo feminismo, pola igualdade de todas as culturas e polo sentido da xustiza. Tamén esa visión feminista que teñen as súas novelas. Ademais, Begoña tamén pode achegar alegría. Para ela era o momento do feminismo e tamén da alegría. Por desgraza morreu cedo, pero a súa imaxe é nova e alegre. Pode ofrecer unha perspectiva necesaria de loita e traballo tanto na literatura, como no xornalismo e na amizade.